



BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

CONCERTO

“A Banda Sonora do Cómic”

XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ

11 de agosto de 2022

20.00 horas

Entrada de balde

DIRECTOR CONVIDADO

JUAN MIGUEL ROMERO LLOPIS



VIÑETAS
desde o
ATLÁNTICO

O presente concerto enmárcase dentro do **XXV Salón Internacional do Cómic Viñetas do Atlántico**. Trátase dun programa onde a música contextualiza o que se plasma graficamente nun cómic, debuxando imaxes a través das emocións dos seus personaxes convertidas en temas musicais. Moitos destes personaxes do cómic transcenderon á gran pantalla onde as Bandas Sonoras teñen un gran protagonismo e incluso chegando a transcender na clave do éxito da propia película. Neste singular programa a BMMC ofrece una selección das personaxes que foron heroes na nosa infancia e que seguen entretendo ás novas xeracións de lectores.

O programa iníciase cunha obra que serve de introdución, **Comic Overture** de Ferrer Ferran é unha obra que o propio compositor describe como “composta para facer rir, divertir e para soñar”.

As obras están ordenadas cronoloxicamente segundo a data da súa publicación en cómics. As primeiras composicións pertencen ó cómic histórico, con 3 personaxes que perduran no tempo transcendendo o cómic para pasar a outras plataformas audiovisuais, **Tin tin** (1929) do caricaturista belga Hergé, **Superman** (1938) de J. Siegel e J. Shuster e **Batman** (1939) creado polos estadounidenses Bob Kane e Bill Finger. **Tintín y el Templo del Sol**, é unha selección do musical composta por Dirk Brossé. A música narra as peripecias do mozo reporteiro Tintín, o seu can Milú e o seu amigo o Capitán Haddock mentres continúan os seus esforzos por rescatar o profesor Cálculo viaxando por pobos, montañas e selvas tropicais dos Andes para encontralo nunha oculta civilización inca. Considerado como o primeiro superheroe de cómic de fama mundial, **Superman** pasou á gran pantalla e foi o celeberrimo compositor J. Williams quen

compuxo a banda sonora para a película en 1978. Similar proxección ocorreu ó superheroe do cómic **Batman**, cunha banda sonora orixinal de D. Elfman. Victor Mora creou a figura do Capitán Trueno (1956) e Luis Ivars compuxo a banda sonora da película dedicada a esta personaxe do cómic estreada no 2011. **El Capitán Trueno en las Cruzadas** é a composición que representa ó cómic español neste programa, e a música describe a un cabaleiro do medievo nos tempos das Cruzadas, un liberador e aventureiro que trata de facer xustiza cos máis oprimidos.

As tres obras que cerran o programa inspíranse en personaxes do Universo Marvel, co **Capitán América** (1941) e **Los Vengadores** (1963), ambas composicións de A. Silvestri e **The Incredibles** (2004). De M. Giacchino, un elenco fantástico cunha transcripción musicalmente espectacular.



VINDEIROS CONCERTOS

DOMINGO, 21 DE AGOSTO
PRAZA DE MARÍA PITA – 21:00 H.

DOMINGO, 28 DE AGOSTO
ESCALINATA DA CASA DAS CIENCIAS – 12:00 H.

PROGRAMA

Comic Overture

F. Ferran

Tin tin

D. Brossé / J. de Meij

Superman

J. Williams / B. Lowden

Batman

D. Elfman & Prince / T. Sahashi

El Capitán Trueno en las Cruzadas

L. Ivars F. de Vuyst

Los Vengadores

A. Silvestri / M. Brown

Capitán América

A. Silvestri / M. Brown

The Incredibles

M. Giacchino / T. Hoshide



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña